

## Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2005

### COMUNICADO

## O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros galegos descendeu en abril de 2005 con respecto ó mesmo mes do ano anterior

O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia descendeu en abril de 2005 un 14,0% en relación ó mes de abril de 2004.

Cun importe de 126,3 euros, o gasto medio por persoa e día descendeu, en termos correntes, un 14,0% en abril de 2005 con respecto ó mesmo período do ano anterior. No que vai de ano o gasto por persoa e día descendeu en termos correntes un 12,2.

Atendendo ó tipo de gasto, os gastos en compras, ocio e outros acadan taxas de crecemento positivas mentres que o resto de gastos, que supoñen un 77,7%, presentan taxas negativas.

### Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2005

	Dato. Euros	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto medio por persoa e día	126,3	-14,0%	-12,2%
Gasto total	30.900.444	-24,8%	-13,4%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total		-10,1%	-12,4%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros


O gasto total dos viaxeiros descendeu un 24,8% en abril de 2005 con respecto ó mesmo mes do ano anterior.

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros en abril de 2005, que ascendeu a 30,9 millóns de euros, descendeu un 24,8% con respecto ó gasto rexistrado en abril de 2004 en termos correntes, este crecemento é dun -10,1% se a serie se corrixe de efecto calendario, que neste mes corrixe o efecto de que o período vacacional da Semana Santa caera o ano pasado en abril.

No que vai de ano o gasto total dos viaxeiros descendeu en termos correntes un 13,4%, cifra que acada o valor de -12,4% se se corrixe de efecto calendario.

Por tipo de gasto, só presenta crecementos positivos o gasto en outros, que representa un 3,1% do gasto total, mentres que os outros gastos: aloxamento, comida, compras desprazamentos e ocio presentan taxas negativas.

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto por persoa dende 1999.



FORNTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)

30 de maio de 2005